



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 17 DE DECEMBRO DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezasete de decembro de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Ignacio Gómez Pérez e Don Javier Iglesias Sendin. Non asiste Don José Prieto Pérez.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado nove de decembro de dous mil trece (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

OUTORGAMENTO LICENZA DE LEGALIZACIÓN DE OBRAS RIB/C/85/12.-

Visto o escrito presentado por **Dona Andrea Diéguez Giraldez en representación de Xurxo Gómez Alonso**, con domicilio en A Reza nº 28, en Arnoia, onde solicita Licenza de legalización de obras de Restauración de edificación existente, sita na Estrada da Veiga nº 29, en San Cristovo, segundo Proxecto de Legalización de Obras de Restauración de Edificación Existente redactado polo arquitecto Dona Andrea Diéguez Giraldez.

Consta informe favorable da Arquitecto Municipal de data 9 de decembro de 2013 e informe xurídico de data 16 de decembro de 2013, ambos con carácter favorable

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Conceder licenza de legalización das obras realizadas e que veñen contempladas no Proxecto de Legalización de Obras de Restauración de Edificación Existente a Don Xurxo Gómez Alonso, na Estrada da Veiga nº 29 (Ref. Catastral 12456/07) en San Cristovo.

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle



incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 196.2 da LOUGA, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: legalización das obras realizadas.

Contía na que se orzan as obras: 6.431,45 €.

Situación e emprazamento das obras: Estrada da Veiga nº 29, en San Cristovo.


Redactor do Proxecto: Dona Andrea Diéguez Giraldez.

Dirección de obras: Dona Andrea Diéguez Giraldez.

Nome ou razón social do promotor: Don Xurxo Gómez Alonso.

Liquidación do ICIO: Tendo en conta que con data 26/03/2012, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a contía de 42,00 euros, e visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 6.431,45 euros, practícase liquidación aos efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, por importe de 125,22 euros.

Importe execución material / coste da obra:	6.431,45 €	
Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€):	167,22 €	
Aboado por autoliquidación:	42,00 €	26-03-12
Cantidade que deberá aboar adicionalmente:	125,22 €	



OUTORGAMENTO LICENZA DE LEGALIZACIÓN DE OBRAS RIB/C/201/12.-

Visto o escrito presentado por **Don Emilio Collarte Domínguez**, con domicilio na Estrada de Leiro nº 26, en Santo Andre, onde solicita Licenza de legalización de obras de abancalamiento e muro de contención para plantación de viñedo, sito no polígono 2, parcelas 212 e 213 da concentración parcelaria, en Santo Andre, segundo Proxecto Técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Don Adolfo Collarte Pérez.

Consta informe favorable da Arquitecto Municipal de data 9 de decembro de 2013 e informe xurídico de data 16 de decembro de 2013, ambos con carácter favorable.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Conceder licenza para legalización de movemento de terras, realización de socalcos, prenivelación do chan, construción de muro de contención, e estendido das terras que conforman o horizonte de cultivo a Don Emilio Collarte Domínguez, no polígono 2, parcelas 212 e 213 da concentración parcelaria, en Santo Andre.

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 196.2 da LOUGA, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: legalización de movemento de terras, realización de socalcos, prenivelación do chan, construción de muro de contención, e estendido das terras que conforman o horizonte de cultivo.

Contía na que se orzan as obras: 11.782,50 €.

Situación e emprazamento das obras: polígono 2, parcelas 212 e 213 da concentración parcelaria, en Santo Andre.

Redactor do Proxecto: Don Adolfo Collarte Pérez.

Dirección de obras: Non consta.

Dirección de Execución e Coordinación de Seguridade e Saúde: Non consta.

Nome ou razón social do promotor: Don Emilio Collarte Domínguez.

Prazo: O prazo de inicio das obras é de seis (6) meses e o prazo de remate de un (1) ano, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

Liquidación do ICIO: Tendo en conta que con data 14/01/2013, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a contía de 42,00 euros, e visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 11.782,50 euros, practícase liquidación aos efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, por importe de 264,30 euros.

Importe execución material / coste da obra:	11.782,50 €	
Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€):	306,35 €	
Aboado por autoliquidación:	42,00 €	14-01-13
Cantidade que deberá aboar adicionalmente:	264,30 €	

Outras condicións:

1. Antes do inicio das obras deberá presentar oficio de dirección de obras e de coordinación en materia de seguridade e saúde.

EXPEDIENTE RIB/N/54/11 DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.-

Visto o escrito de Don Juan Luis González Vázquez, en representación de Casal de Armán S.L, onde solicita licenza de primeira ocupación para edificación sita no lugar de O Cotiño, Santo Andre de Camporredondo.

Visto o informe da Arquitecto Municipal de data 10 de decembro do 2013.

A Xunta de Goberno Local, en uso das facultades delegadas pola Alcaldía, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Conceder Licenza de primeira ocupación a Don Luis González Vázquez, en representación de CASAL DE ARMÁN S.L onde solicita licenza de primeira ocupación para reforma de establecemento de turismo rural, sita no lugar de O Cotiño, Santo Andre de Camporredondo, con referencia catastral 32070A02309507.

Segundo.- Comunicar o presente acordo ao interesado.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Escrito do Consulado General del Uruguay, Santiago de Compostela, con data RE 2 de decembro de 2013 N° RE 5739, relativo a solicitude de remisión da cantidade de Uruguayos residentes no Concello.
2. Escrito de Don Anxo Collarte Pérez en representación do BNG, con data RE 9 de decembro de 2013 N° RE 5814, relativo a solicitudes varias en relación coa Empresa Paseiro.

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-


1.- Visto o escrito presentado por **Dona Patricia Santana Álvarez**, con domicilio na Rúa Muñoz Calero nº 17, portal 2, 1º H, en Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Rúa Muñoz Calero nº 17, portal 2, 1º H, en Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 04-12-2013 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

2.- Visto o escrito presentado por **Dona Elisabet Domínguez Vieitez**, con domicilio na Rúa José Feliu y Codina nº 5, 2º A, en Madrid, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Rúa Ribeiro nº 45, 3º A, en Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 05-12-2013 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

3.- Visto o escrito presentado por **Don Iván Gómez Domínguez**, con domicilio na Rúa Muñoz Calero nº 4, 3º L, en Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na Rúa Muñoz Calero nº 4, 3º L, en Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.



E visto que en data de 05-12-2013 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil con data RE 3 de decembro de 2013 Nº RE 5758, relativo a “Expediente de aproveitamento de 0,184 l/s de las aguas sobrantes de un pozo denominado “Carballal” sito en Venstosela, término municipal de Ribadavia (Ourense), con destino a riego”.
2. Comunicación do Sindicato Comarcal de Servizos a Cidadanía con data RE 3 de decembro de 2013 Nº RE 5757, relativo a solicitude de abono ao personal funcionario e laboral da parte proporcional da paga extraordinaria devengada con carácter previo á entrada en vigo do RDL 20/2012.
3. Comunicación do Xulgado do Social nº 1 de Ourense con data RE 5 de decembro de 2013 Nº RE 5802, relativo a conflitos colectivos 784/2013.
4. Comunicación da Xerencia Territorial do Catastro, con data RE 16 de decembro de 2013 Nº RE 5930, relativo a actualización de valores catastrais para o ano 2014.
5. Comunicación do organismo autónomo Programas Educativos Europeos, con data RE 13 de decembro de 2013 Nº RE 5916, relativo a solicitude de documentación.
6. Comunicación da Federación de Empresarios de Hostelería e Turismo de Ourense, con data RE 16 de decembro de 2013 Nº RE 5932, relativo a celebración de festas navideñas en locais sen autorización municipal.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

XUSTIFICACION DO CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONSELLERIA DE CULTURA, EDUCACION E ORDENACION UNIVERSITARIA E A FEDERACION GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN RELACION COS GASTOS DE LIMPEZA DOS CENTROS PUBLICOS INTEGRADOS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes en relacion co asunto do epígrafe, presta aprobacion a conta xustificativa da axuda outorgada para o


financiamento dos gastos de limpeza do C.P.I. Tomás de Lemos, de acordo co seguinte teor:

1º.- Que os gastos ocasionados pola limpeza do citado CPI durante o ano 2013 ascenderon, de acordo co sinalado en dita conta xustificativa, a un total de 31.235,94 € cò seguinte desglose:

Identificación do acreedor	Nº Factura ou documento equivalente	Importe	Data de emisión	Data de Recoñecement o da obriga
Fernández Devesa María José	Nómina Xaneiro	555,7	25/01/13	28/01/13
Fernández Devesa María José	Nómina Febreiro	835,7	25/02/13	28/02/13
Fernández Devesa María José	Nómina Marzo	555,7	25/03/13	28/03/13
Fernández Devesa María José	Nómina Abril	555,7	25/04/13	28/04/13
Fernández Devesa María José	Nómina Maio	474,18	25/05/13	28/05/13
Fernández Devesa María José	Nómina Xuño	474,18	25/06/13	28/06/13
Fernández Devesa María José	Nómina Setembro	524,18	25/09/13	28/09/13
Fernández Devesa María José	Nómina Outubro	504,18	25/10/13	28/10/13
Fernández Devesa María José	Nómina Novembro	474,18	25/11/13	28/11/13
Fernández Devesa María José	Nómina Decembro	474,18	22/12/13	23/12/13

Identificación do acreedor	Nº Factura ou documento equivalente	Importe	Data de emisión	Data de Recoñecement o da obriga
Gabián Mojón María Cristina	Nómina Xaneiro	473,01	25/01/13	28/01/13
Gabián Mojón María Cristina	Nómina Febreiro	473,01	25/02/13	28/02/13
Gabián Mojón María Cristina	Nómina Marzo	473,01	25/03/13	28/03/13
Gabián Mojón María Cristina	Nómina Abril	520,29	25/04/13	28/04/13
Gabián Mojón María Cristina	Nómina Maio	484,83	25/05/13	28/05/13
Gabián Mojón María Cristina	Nómina Xuño	484,83	25/06/13	28/06/13
Gabián Mojón María Cristina	Nómina Setembro	484,83	25/09/13	28/09/13
Gabián Mojón María Cristina	Nómina Outubro	484,83	25/10/13	28/10/13
Gabián Mojón María Cristina	Nómina Novembro	484,83	25/11/13	28/11/13
Gabián Mojón María Cristina	Nómina Decembro	484,83	22/12/13	23/12/13

Identificación do acreedor	Nº Factura ou documento equivalente	Importe	Data de emisión	Data de Recoñecement o da obriga
Touza García Manuela	Nómina Xaneiro	473,01	25/01/13	28/01/13
Touza García Manuela	Nómina Febreiro	473,01	25/02/13	28/02/13
Touza García Manuela	Nómina Marzo	473,01	25/03/13	28/03/13
Touza García Manuela	Nómina Abril	520,29	25/04/13	28/04/13
Touza García Manuela	Nómina Maio	484,83	25/05/13	28/05/13
Touza García Manuela	Nómina Xuño	484,83	25/06/13	28/06/13



Touza García Manuela	Nómina Setembro	484,83	25/09/13	28/09/13
Touza García Manuela	Nómina Outubro	484,83	25/10/13	28/10/13
Touza García Manuela	Nómina Novembro	484,83	25/11/13	28/11/13
Touza García Manuela	Nómina Decembro	484,83	22/12/13	23/12/13

Identificación do acredor	Nº Factura ou documento equivalente	Importe	Data de emisión	Data de Recoñecement o da obriga
Martínez Da Costa Josefa	Nómina Xaneiro	399,07	25/01/13	28/01/13
Martínez Da Costa Josefa	Nómina Febreiro	399,07	25/02/13	28/02/13
Martínez Da Costa Josefa	Nómina Marzo	399,07	25/03/13	28/03/13
Martínez Da Costa Josefa	Nómina Abril	399,07	25/04/13	28/04/13
Martínez Da Costa Josefa	Nómina Maio	399,07	25/05/13	28/05/13
Martínez Da Costa Josefa	Nómina Xuño	399,07	25/06/13	28/06/13
Martínez Da Costa Josefa	Nómina Setembro	449,07	25/09/13	28/09/13
Martínez Da Costa Josefa	Nómina Outubro	429,07	25/10/13	28/10/13
Martínez Da Costa Josefa	Nómina Novembro	399,07	25/11/13	28/11/13
Martínez Da Costa Josefa	Nómina Decembro	399,07	22/12/13	23/12/13

Identificación do acredor	Nº Factura ou documento equivalente	Importe	Data de emisión	Data de Recoñecement o da obriga
Vázquez Padrón María Belén	Nómina Xaneiro	399,07	25/01/13	28/01/13
Vázquez Padrón María Belén	Nómina Febreiro	399,07	25/02/13	28/02/13
Vázquez Padrón María Belén	Nómina Marzo	399,07	25/03/13	28/03/13
Vázquez Padrón María Belén	Nómina Abril	399,07	25/04/13	28/04/13
Vázquez Padrón María Belén	Nómina Maio	399,07	25/05/13	28/05/13
Vázquez Padrón María Belén	Nómina Xuño	399,07	25/06/13	28/06/13
Vázquez Padrón María Belén	Nómina Setembro	399,07	25/09/13	28/09/13
Vázquez Padrón María Belén	Nómina Outubro	399,07	25/10/13	28/10/13
Vázquez Padrón María Belén	Nómina Novembro	399,07	25/11/13	28/11/13
Vázquez Padrón María Belén	Nómina Decembro	399,07	22/12/13	23/12/13

Identificación do acredor	Nº Factura ou documento equivalente	Importe	Data de emisión	Data de Recoñecement o da obriga
Juste Gulín Isabel	Nómina Xaneiro	653,84	25/01/13	28/01/13
Juste Gulín Isabel	Nómina Febreiro	688,25	25/02/13	28/02/13
Juste Gulín Isabel	Nómina Marzo	688,25	25/03/13	28/03/13
Juste Gulín Isabel	Nómina Abril	688,25	25/04/13	28/04/13
Juste Gulín Isabel	Nómina Maio	688,25	25/05/13	28/05/13
Juste Gulín Isabel	Nómina Xuño	1409,57	25/06/13	28/06/13
Juste Gulín Isabel	Nómina Setembro	702,66	25/09/13	28/09/13



Juste Gulín Isabel	Nómina Outubro	702,66	25/10/13	28/10/13
Juste Gulín Isabel	Nómina Novembro	702,66	25/11/13	28/11/13
Juste Gulín Isabel	Nómina Decembro	1125,66	22/12/13	23/12/13

2º.- Que, a axuda outorgada foi destinada á finalidade de sufragar os gastos de limpeza do/s CPI, prevista no Convenio de Colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Federación Galega de Municipios e Provincias correspondente ao presente ano.

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº9/13.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº9 /13, por importe de 36.799,53 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

APROBACIÓN LISTADO COBRATORIO DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA 4º TRIMESTRE DO 2013.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo subministro de auga, 4º trimestre do 2013, por importe de 48.838,56 euros, tarifa de depuración por importe de 9.460,11 euros, máis 5.830,73 euros de IVE, resultando un total de 64.129,4 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar o listado cobratorio da taxa de depuración de residuais, correspondente ao 4º trimestre do 2013, por importe de 23.091,14 euros, Canon de auga fixo da Xunta, por importe de 8.395,69 euros e Canon de auga variable da Xunta, por importe de 8.745,87 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda fixar como período cobratorio entre o 1 de xaneiro de 2014 e o 17 de febreiro de 2014”.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

